



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinar Proposta dun novo modelo de emprego público

CONVOCATORIA: Webinar Proposta dun novo modelo de emprego público

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 15/03/2022 - 08:00h ao 20/03/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A COVID-19 puxo de relevo a importancia do noso sector público. O talento dos recursos humanos dispoñibles na Administración pública foi unha variable crucial, tanto para combater a pandemia en si mesma, como para afrontar con éxito os seus devastadores efectos sobre a economía e a sociedade. Ao mesmo tempo, o reto que supuxo a pandemia, puxo de manifesto algunhas limitacións, de xeito que a reforma de emprego público está chamada a ser un asunto relevante na chamada nova normalidade, para iluminar un cambio de modelo que atenda as necesidades que veñen expondo.

O obxectivo deste webinar é dar resposta á necesidade de que o emprego público siga evolucionando para adaptarse ás novas exigencias e retos, ofrecendo a proposta dun novo modelo baseado en competencias e ámbitos funcionais que permita transformar desde os sistemas de selección, ata a carreira profesional e a avaliación do desempeño.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Seminario web, impartido na modalidade telepresenza, sobre o tema proposto nos obxectivos desta actividade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base segunda da convocatoria DOG desta actividade. A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

- A inscrición debe formalizarse a través da área de matrícula da EGAP.
- As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en nome do curso: Webinar Proposta dun novo modelo de emprego público.
- Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 24/03/2022 a 24/03/2022

NUM. PRAZAS: 100

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Carles Ramió Matas

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 24 de marzo de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 24 de marzo de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 24 de marzo de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 24 de marzo de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>